

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE XULIO CAMBA
CURSO: 4º EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Obxectivos e criterios de avaliación.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Obxectivos e criterios de avaliación	
Criterio de avaliación	Obxectivo
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	
Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno	Tomar conciencia da importancia de manter hábitos de hixiene
É autónomo no coidado de si mesmo	Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais
Chega á representación completa do esquema corporal	Coñecer o seu propio corpo e o dos demais e as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas
COÑECEMENTO DO CONTORNO	
Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano)	Identificar algún fenómenos ambientais ligados ás variacións do tempo atmosférico
Sabe diferenciar e describir consecuencias de fenómenos atmosféricos (sol, choiva, xeo,...)	Descubrir algunhas características do contorno
Coñece os medios de transporte e comunicación	Discriminar os usos dalgúns medios de transporte e comunicación
Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade	Asociar a cantidade e a grafía dos números 1, 2 e 3
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	
Recoñece o seu nome	Adquirir habilidade e coordinación na realización dos trazos propostos
Gústalle mirar e “ler” libros autonomamente	Coñecer e reproducir algúns contos e poemas
Comprende instrucións sinxelas	Comprender ordes sinxelas
Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias	Expresar verbalmente sentimentos, necesidades, ideas e desexos
Participa activamente nas conversas da aula	Identificar a linguaxe oral como medio de comunicación

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Revisión das cualificacións do 1º e 2º trimestre e valoración das actividades de reforzo/repaso.
	Instrumentos: Fichas impresas sobre os contidos de repaso/reforzo deste período, tarefas subidas á aula virtual da páxina web do centro, análise de fotos e vídeos con traballos do alumnado.
Cualificación final	A avaliación en Ed. Infantil basease na observación directa da realización das actividades propostas. Teranse en conta os resultados obtidos nas avaliacións do 1º e 2º trimestre e as actividades de repaso/reforzo propostas ás familias.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Presentaranse ao alumnado actividades de repaso/reforzo dos contidos traballados durante o 1º e 2º trimestre. Enviaránse as tarefas semanalmente e evitarase a saturación de traballo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Semanalmente súbense as tarefas do alumnado á aula virtual. As familias que dispoñen de impresora poden imprimir as fichas. No caso de que as familias non dispoñan de dispositivos electrónicos, de conexión de calidade a internet ou non dispoñan de impresora, o centro facilita as fichas impresas, para que cheguen a todos cada semana. O alumnado ten toda a semana para realizar as tarefas e ao rematalas debe gardar as fichas e os que queiran poden mandar fotos e vídeos por whatsapp ás titoras. Para aclarar dúbidas e comunicarse coas mestras, as familias teñen a disposición a mensaxería do servicio abalarmóbil ou o whatsapp.
Materiais e recursos	Fichas impresas de repaso/reforzo de contidos. Enlaces de páxinas web Aula virtual Web do centro Materiais de refugallo para realización de actividades de Ex. Plástica Vídeos nos que participan conxuntamente profesorado e alumnado. Cancións

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Web do centro, aula virtual, Abalarmóbil, whatsapp.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

